



### Anxo Angueira subliña o momento creativo que vive o país

Reivindica o avance experimentado polo galego como lingua literaria e pide o esforzo de todos polo idioma **Páxs. 30 e 31**



### Dous artesáns galegos inventan o 'punteiro afinable'


Este adianto, desenvolvido por Lis Lates e Pepe Vaamonde, permitirá que as gaitas non cesafiner nunca **Páx. 32**

### Sotelo Blanco: "A feira da Habana demostrou que Galicia existe"

O editor opina que a participación galega neste evento non foi política de escaparate, senón un avance para o país **Páx. 33**

# maré Hoxe

LUNS 03



Os encoros serán unha das mellores bazas que terá Galicia para superar os períodos de seca: o importante será saber cando é preciso baleiralos e cando non

## Galicia: da choiva á **seca**

As temperaturas en Galicia aumentarán un grao ou máis nos vindeiros decenios. Dío o director de Meteogalicia, Vicente Pérez, quen advirte ademais de que as precipitacións diminuirán no país nun 5 por cento os primeiros 50 anos deste século e baixarán até un 20 por cento na segunda metade. Sinais inequívocas do cambio climático.

O director de Meteogalicia, Vicente Pérez Muñuzuri, que esta semana participou nun encontro con expertos sobre os efectos do cambio climático en Galicia, asegura que a primeira mostra do quecemento global no país é o aumento das temperaturas. "Hai evidencias suficientes" para o experto de que o cambio climático xa chegou a Galicia, o que repercutirá, engade, "nos ecosistemas mariños como nos terrestres". Segundo os estudos da Consellería de Medio Ambiente e de Meteogalicia, "desde os anos 60 -di Vicente Pérez-

temperatura aumentou unha media de 0,18 graos por década". Un proceso desigual, que se sentiu máis na "Galicia norte, na zona da Mariña e na costa Atlántica", sinala. Segundo as súas previsións de futuro, os graos aumentarán en Galicia "nun grao ou máis para os próximos decenios". Coida "perigosa" a afirmación de que o clima galego se mediterraneizará. Como moito, advirte. "Poderíamos parecer nos que é hoxe o Alto Douro portugués". Ao incremento das temperaturas engádesse a baixada das precipitacións. "Na primeira me-

tade do século XXI fálase dun descenso do 5% das precipitacións na zona norte de España", afirma o experto que advirte de que a partir de metade do século XXI podería haber "diminucións importantes, en torno ó 20% de descenso" das choivas. Por isto, a dispoñibilidade hídrica dependerá da capacidade para prever períodos de seca. "Superpomos o feito de que choverá menos globalmente pero haberá precipitacións en épocas distintas", sinala e advirte tamén do "incremento dos incendios forestais" debido ao cambio climático. ● REDACCIÓN/AGN